

RESOLUCIÓN

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN PROVISIONAL DA VALORACIÓN DA SOLICITUDE Nº 10 PARA O USO DOS LOCAIS DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPRESAS

EXPEDIENTE:2017/G003/000005

ANTECEDENTES:

ANTECEDENTES

O Concello de San Sadurniño dotouse dun Centro Municipal de Empresas (CME), situado no edificio anexo ao Pazo da Marquesa

No BOP nº 208 do 03/11/2016 publicáronse a ordenanza fiscal e máis o regulamento do CME

Un dos servizos do CME é o uso dos locais dispoñibles, e o artigo 10 do Regulamento do CME establece o réxime das solicitudes

Entre o 04/11/2016 e o 04/01/2017 abriuse un prazo inicial para que as persoas, empresas ou entidades interesadas puidesen presentar as súas solicitudes para facer uso dos servizos do CME. Posteriormente a estas datas a convocatoria de locais queda aberta de maneira permanente

O artigo 12 do devandito regulamento desenvolve o proceso de avaliación das solicitudes

Con data do 23/01/2017 esta Alcaldía emitiu unha resolución para a creación da Comisión técnica de valoración das solicitudes para o uso dos locais do CME

Con data do 02/02/2017 recíbese no Rexistro municipal unha solicitude para a utilización dun local do CME

Con data do 08/02/2017 a Comisión emite o seu informe de valoración.

Tendo en conta estes antecedentes

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

RESOLVO

1. Aprobar a seguinte valoración provisional da solicitude presentada o 02/02/2017 para o uso de

locais do CME, coa puntuación obtida e indicando o local que lle correspondería segundo o indicado nos impresos de solicitude e a dispoñibilidade de locais baleiros:

Nº de solicitude	Persoa / Entidade solicitante	Puntuación	Local concedido
10	César L. Galdo Paz	52	7

2. Instar aos servizos municipais para que se expoña a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

3. A persoa solicitante poderá efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estime oportunas no prazo de 10 días naturais contados dende a data de publicación desta resolución.

En San Sadurniño, xoves 9 de febreiro de 2017

O Alcalde/Presidente

Secundino García Casal